

RESUMO TEMA 6: A LOCALIDADE E O CONCELLO

As persoas vivimos en casas que forman localidades. As localidades están compostas por edificios e rúas.



TIPOS DE LOCALIDADES

1.- AS ALDEAS

As aldeas son localidades pequenas. Os seus habitantes forman a **poboación rural**. As súas características son:

- As casas son baixas, nelas vive unha soa familia e están rodeadas de hortas e campos, entre as casas hai camiños ou rúas estreitas e entre as aldeas estradas.
- Teñen poucos habitantes.
- A maior parte da poboación rural traballa na agricultura, a gandaría e a pesca. Algúns habitantes das aldeas trasládanse as vilas ou cidades próximas para traballar.
- Nas aldeas hai poucos servizos, por iso, os habitantes trasládanse as vilas máis próximas para ir a escola, o instituto, o médico, a comprar,...

2.- AS VILAS

As vilas son localidades de tamaño mediano, máis grandes que as aldeas e máis pequenas que as cidades. As súas características son:

- ✓ Teñen casas baixas e edificios de pouca altura. As súas rúas son curtas e estreitas.
- ✓ Nas vilas viven bastantes persoas.
- ✓ A maioría das persoas das vilas traballan nos servizos, o comercio, a industria da zona e o turismo.
- ✓ Os habitantes percorren a pé distancias curtas, por iso non hai moito tráfico de automóbiles e a contaminación é escasa.

As aldeas e as vilas dependendo da paisaxe na que se atopan poden ser:

- ❖ Arredor dunha praza; as rúas saen da praza e as casas están agrupadas.
- ❖ Á beira dun camiño: Teñen unha rúa ou estrada principal, e as casas están á beira dela.
- ❖ De porto de mar: as casas están agrupadas arredor do porto.

- ❖ Con casas illadas: estas aldeas están formadas por casas separadas unhas das outras.

3.- AS CIDADES

As cidades son localidades grandes con moitos habitantes. As súas características son:

- Os edificios son altos con máis de cinco pisos. Os edificios poden ser vivendas, museos, teatros, comercios, hospitais, escolas,...
- As rúas son anchas e longas. As máis largas e anchas chámanse AVENIDAS.
- Hai moitos servizos: educativos, sanitarios, comerciais.
- Hai zonas industriais, situadas nas aforas e chámanse polígonos industriais.
- Divídense en barrios.

Nas cidades distínguense tres zonas diferentes:

- ❖ O centro histórico: É a zona máis antiga. As rúas adoitan ser estreitas e hai museos, catedrais, palacios, igrexas.
- ❖ O ensanche: Son os barrios que hai arredor do centro. Hai vivendas e avenidas.
- ❖ A periferia: >É a zona máis moderna. Está arredor do ensanche. Hai vivendas, avenidas, centros comerciais, fábricas, almacéns e zonas de ocio.

As cidades teñen moitos habitantes e forman a **poboación urbana**. A maioría traballan en servizos e nas fábricas. Percorren grandes distancias para ir dun lugar a outro, e por iso hai medios de transporte público como autobús, tranvía, metro. Hai moito tráfico e polo tanto contaminación.

A POBOACIÓN

As persoas que viven nunha localidade son os seus habitantes e forman a súa poboación. A poboación pode ser:

- Poboación rural: É o conxunto de persoas que viven nas aldeas.
- Poboación urbana: É o conxunto de persoas que viven nas cidades e nas vilas.

A poboación é de diferentes idades e distínguense:

- ✓ A poboación nova: persoas que teñen menos de 15 anos.
- ✓ A poboación adulta: persoas que teñen entre 15 e 65 anos.
- ✓ A poboación anciá: persoas que teñen máis de 65 anos.

Ao longo dun ano, a poboación cambia. Para saber se aumenta o diminúe hai que coñecer estes datos:

- A natalidade: número de nenos e nenas que nacen.
- A mortalidade: número de persoas que morren.
- Os inmigrantes: que son as persoas que chegan a unha localidade para vivir nela.
- Os emigrantes: son as persoas que se van dunha localidade para vivir noutra.

A poboación aumenta con nacementos e inmigrantes e diminúe coa mortalidade e os emigrantes.

GOBERNO DUN MUNICIPIO. O CONCELLO

O Concello é o conxunto de persoas que gobernan o territorio dun municipio. Tamén é o edificio onde se reúnen os que gobernan unha localidade.

O Concello está formado por:

- O alcalde ou alcaldesa que preside o Concello e é o encargado de dirixir o goberno municipal.
- Os concelleiros e as concelleiras que son as persoas que axudan ó alcalde a gobernar o municipio

COMO SE FORMA O CONCELLO

Os concelleiros e o alcalde son elixidos nas eleccións municipais cada 4 anos.

1º.- A campaña electoral: Os candidatos que queren ser concelleiros presentan o seu programa electoral, explicando todo o que queren facer no municipio.

2º.-As eleccións municipais: Os habitantes maiores de 18 anos votan os candidatos, depositando o seu voto nas urnas.

3º.- Os concelleiros e o alcalde son os candidatos máis votados, e os concelleiros nomean un deles como alcalde, casi sempre o primeiro da lista.

4º.- O goberno municipal: o alcalde asígnalles aos concelleiros unha tarefa concreta de goberno, por exemplo concelleiro de cultura, concelleiro de deporte, concelleiro de limpeza, concelleiro de obras,...

COMO FUNCIONA O CONCELLO

Para tomar as decisións o concello conta con:

- O pleno: está formado polo alcalde e todos os concelleiros elixidos polos cidadáns. Neles débense as propostas, e as que se aproban por votación convértense en ordenanzas municipais, que teñen a obriga de cumprir todos os habitantes.
- O goberno municipal : que está formado polo alcalde e os concelleiros elixidos por él. Aplican os acordos aprobados polo pleno.

OS SERVIZOS MUNICIPAIS

Os servizos municipais organízaos o concello para atender as necesidades dos habitantes do municipio.

Os concelleiros organizan os servizos e os empregados municipais realizan as tarefas de cada servizo como varredores, bombeiros, policía,...

Os servizos municipais poden ser:

- Servizos culturais e de ocio. Organizan actividades deportivas e culturais. Son as bibliotecas, polideportivos, piscinas, etc.
- Servizos de saneamento. Dedícanse a recollida de residuos, á limpeza das rúas,...
- Servizos de protección. Coidan e protexen os cidadáns como a policía local e os bombeiros.
- Servizos de urbanismo e transporte.

Hai servizos municipais que prestan todos os concellos, outros ofrécense só nos municipios grandes.